

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

10002 *REAL DECRETO 1318/2004, do 28 de maio, polo que se modifica o Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. («BOE» 130, do 29-5-2004.)*

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, establece na súa disposición adicional primeira que o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, aprobará o calendario de aplicación da dita lei orgánica e que este terá un ámbito temporal de cinco anos a partir da entrada en vigor da lei. De conformidade con esta disposición, ditouse o Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. No dito texto fíxose o calendario temporal da dita aplicación, que abrangue desde as medidas que xa se iniciaron durante este ano académico 2003-2004 ata as que deban iniciarse, finalmente, no curso 2007-2008.

Non obstante, diversas circunstancias fan aconsellable, sen menoscabo da vixencia da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, que o Goberno proceda, no exercicio das atribucións que lle encomenda a propia lei, a unha readaptación parcial do calendario de aplicación establecido no referido real decreto.

Por unha banda, hai comunidades autónomas que manifestaron encontrarse ante dificultades importantes para facer fronte a parte das exigencias do desenvolvemento da lei, así como para a adopción doutras medidas necesarias para a implantación do novo sistema nos prazos establecidos no Real decreto 827/2003, do 27 de xuño. De non ser tidas en conta as ditas circunstancias nin atendidas as demandas formuladas, poderíanse producir problemas para unha eficaz xestión do servizo da educación e para o funcionamento do sistema educativo, polo que é conveniente diferir a cursos posteriores a aplicación dalgunhas das medidas previstas polo Real decreto 827/2003, do 27 de xuño.

Por outra banda, a vontade feita pública polo Goberno da Nación de instar nos próximos meses ante as Cortes Xerais a modificación de determinados contidos da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, fai aconsellable, así mesmo, e sempre ao abeiro da flexibilidade que lle outorga a referida disposición adicional primeira, non forzar neste momento a aplicación de certos aspectos da lei que poderían ser a causa dunha situación de inseguridade e inestabilidade nada aconsellables nun servizo coma o da educación. Deste xeito, será posible abrir un período de reflexión e consulta cos sectores da comunidade escolar e coas administracións educativas, en beneficio do consenso desexable en toda reforma educativa, que, en caso contrario, se podería ver obstaculizado.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, de acordo co Consello de Estado e logo de

deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de maio de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do calendario da nova ordenación do sistema educativo.*

O calendario da nova ordenación do sistema educativo, establecido polo Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Queda diferida ao ano académico 2006-2007 a aplicación das medidas previstas para o ano académico 2004-2005 nos artigos 2, 5, 9, 15.1, 15.3, 15.4, 15.5, 15.7 e disposición adicional segunda do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño.

Dous. Queda diferida ao ano académico 2007-2008 a aplicación das medidas previstas para os anos académicos 2005-2006 e 2006-2007 nos artigos 6, 7 e 9 do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño.

Tres. Aplicaranse a partir dos anos académicos establecidos polo Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, todas as previsións contidas neste distintas das incluídas nos puntos anteriores.

Catro. A referencia que se fai na disposición transitoria primeira, ensinanzas de relixión, do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, aos anos académicos 2004-2005 e 2005-2006 ampliase aos anos académicos 2006-2007 e 2007-2008.

Cinco. Só as administracións educativas que anticiparan ao curso 2003-2004 a implantación da educación preescolar poderán realizar a dita implantación en cursos posteriores. Neste suposto, os posibles concertos, convenios ou subvencións aplicables aos centros de primeiro ciclo de educación infantil referiranse ás ensinanzas de educación preescolar.

Disposición adicional única. *Aplicación de normas de desenvolvemento da Lei 10/2002, do 23 de decembro.*

A aplicación do disposto nos reais decretos 828/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen os aspectos educativos básicos da educación preescolar, 829/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas comúns da educación infantil, 830/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas comúns da educación primaria, 831/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns da educación secundaria obrigatoria, e 832/2003, do 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns do bacharelato, queda condicionada aos novos prazos establecidos neste real decreto para a entrada en vigor das etapas respectivas, salvo no que se refire ás medidas sobre avaliación, promoción e obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, anticipadas e xa en vigor de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución española, da disposición adicional primeira.2 da Lei orgánica 8/1985,

do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e en virtude da habilitación que lle confire ao Goberno a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, na súa disposición adicional primeira, ten o carácter de norma básica.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Correspóndelle ao ministro de Educación e Ciencia, sen prexuízo do que dispoñan as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, ditar cantas

disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de maio de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MARÍA JESÚS SAN SEGUNDO GÓMEZ
DE CADIÑANOS